

POLÍTICAS CULTURAIS E PROCESOS IDENTITARIOS
LOCAIS NA SOCIEDADE GLOBALIZADA

Xan Bouzada Fernández
Universidade de Vigo

Durante a década dos anos noventa do pasado século, a temática da globalización cultural constituíu un dos eixes de reflexión preferentes, tanto no ámbito da socioloxía da cultura coma entre os teóricos da comunicación. Certamente, os asuntos centrais tratados por uns e por outros evidenciaron lixeiras diferenzas de matiz. Para os sociólogos foron preocupacións centrais a de elucidar o sentido da sociedade global tanto como as estruturas de poder que a conformaban. Ao seu lado, as formas culturais e identitarias que lle servían de soporte constituían porcións específicas da súa análise. Para os teóricos da comunicación, no entanto, a súa vocación central leváboas a avaliar o carácter das transformacións que, a nivel planetario, estaban sendo provocadas no ámbito das industrias culturais e da comunicación en virtude da aceleración dese cambio de ciclo. Neste momento, no que camiñamos xa de modo decidido na primeira década do século XXI, propoñemos unha mirada dende Galicia que pretende, na súa aproximación, integrar algunhas das preocupacións que foron centrais para uns e outros.

É xa case un lugar común establecer a constatación de que a citada globalización non ha de ser entendida necesariamente como un acontecemento histórico tan novo (Le Goff, 2001) nin tan recente (Kurlansky, 2004) como podería facernos crer a súa eclosión como obxecto do desexo para as ciencias sociais arredor da década dos noventa do século XX. Seguindo a Jacques Le Goff, poderíamos afirmar con el que toda a nosa historia está marcada pola vontade de producir aperturas globais; dende o Imperio Romano ata a época dos descubrimentos ou, se se prefire mellor, ata a constitución no s. XIX dunha economía mundial como tal, estivemos asistindo á xénese dun proceso que vería nacer no seu

seo as primeiras reaccións internas cuestionadoras bastante cedo, xa no corazón dese mesmo século XIX. O Romanticismo, na súa calidade de movemento sensible ás culturas próximas, abriría unha veta reactiva en momentos seminais fronte a un novo tipo de ambientes territoriais e económicos emerxentes que se evidenciaban tan amplos como ameazadores.

Ambos os dous feitos, a ameaza e a súa reacción, estiveron historicamente e de modo pragmático ao servizo sempre da constitución de marcos identitarios en ámbitos relegados. Galicia como tal país é, nunha boa medida, definible polo seu vínculo matricial coa Ruta Xacobeá e o seu peculiar halo cosmopolita. O sentimento de comunidade diferenciada foi recuperado culturalmente co movemento romántico e o país fíxose viable identitaria e socialmente na última modernidade, en virtude dun tráfico de intercambios no cal o exilio e as migracións a América, e aínda a Europa, exerceron entre outras funcións as de refuxio e espazos de resistencia e supervivencia para a cultura autóctona, en momentos en que aquí os ventos que sopraban non resultaban favorables. A súa historia pasada e recente constituíu un caso claro, e un exemplo continuado, de vocacións globais que viabilizaron e propiciaron, paradoxalmente, tamén aquelas outras paixóns identitarias de signo local.

1 ACERCA DO CONCEPTO DE GLOBALIZACIÓN

Ao referirnos á globalización, o que si podemos constatar hoxe é a crecente instauración dunha tendencia que conta con profundas e diversas raíces na historia. Estas tendencias subxacentes foron tomando corpo hoxe en feitos tales como os acordos do GATT, en Marraquech no ano 1994, que favoreceron e fixeron avanzar a percepción do mundo como mercado ou en dinámicas como a innovación e o crecemento xeométrico das posibilidades de comunicación e mediáticas, que, dende a aparición da radio, multiplicaron a súa capacidade de incidencia e de avance (a radio tardou décadas en alcanzar os cincuenta millóns de audiencia, mentres que internet supera en poucos anos a cifra de cincocentos

millóns de usuarios). Por outra parte, a recente eclosión dos fluxos turísticos a nivel mundial así como o imparable auxe de diversas formas de migración e mobilización de colectivos contribuíron todas elas á consolidación dun proceso que mostra hoxe xa uns trazos claramente irreversibles.

Para definir este feito recorreuse basicamente a dous conceptos: *globalización* e *mundialización*. O primeiro deles é o que alcanzou maior eco no ámbito anglosaxón, así como en España e Latinoamérica; o termo *mundialización*, no entanto, foi en xeral o preferido polos autores franceses. Outros termos que concorreron, ás veces como referencia de contraste, no discurso dos analistas deste fenómeno foron o de *universalización*, que nos remite a unha das desexables compoñentes da *globalización* que convoca a existencia de formas efectivas e consensuais de valores culturais globais. Ao seu lado, o concepto de *transnacionalización* foi invocado con vontade crítica fronte ao aparente neutralismo do termo *globalización*. Entre os teóricos da comunicación recorreuse tamén ao uso do termo *rexión* para definir algunha das grandes áreas macroculturais que lograron consolidar mercados estables de intercambio de produtos culturais e de comunicación (Europa, Latinoamérica–Hispanoamérica, Lusofonía, a conca do Pacífico, Inglaterra e as súas antigas colonias, etc.).

O concepto de *globalización* experimentou un éxito recente incorporándose nas xergas especializadas, dende unha orixe clara na literatura consagrada ás empresas multinacionais. Inicialmente, o termo (Levitt, 1983) empezou facendo referencia case en exclusiva ás crecentes dinámicas de intercambios internacionais por parte das empresas multinacionais. Con posterioridade (Ohmae, 1990), este concepto fíxose máis denso para pasar a definir os modos emerxentes de xestión das grandes empresas, caracterizados pola súa forzada integración á escala mundial. Máis tarde, a súa significación veu designar o proceso a través do cal aquelas empresas que alcanzaron un nivel máis alto de internacionalización son capaces de consagrar no seu proveito unhas regras de xogo que antes foran definidas polos estados-nación. E, xa ulti-

mamente, o termo chegou a adquirir un maior desenvolvemento para pasar a reflectir unha etapa económica caracterizada pola sucesiva descomposición e rearticulación das economías nacionais en torno a un sistema que hoxe evidencia xa unha decidida capacidade operativa a nivel internacional (Boyer, 2000).

Para Thompson (1996: 150), neste proceso resultan claramente identificables tres aspectos centrais: en primeiro lugar, o feito de que toda actividade se realice agora nun marco global ou practicamente (antes ca noutros: local, rexional, nacional, etc.); en segundo lugar, a constatación de que todas as actividades empezan a planificarse e a organizarse a escala global; e, en terceiro lugar, o feito de que toda actividade supón certo grao de reciprocidade e interdependencia, de forma que o que acontece nunha determinada parte do mundo non pode subtraerse ao que acontece noutras zonas do planeta. Nunha dirección semellante, que fai fincapé na complexidade homeostática do sistema, Lull (1997: 198) sostivo que «o mellor modo de entender a globalización é considerala un complexo conxunto de fluxos de persoas, de bens materiais e de símbolos que están en permanente interacción e a miúdo se compensan entre si, fluxos que conducen a posicionamentos e prácticas culturais diversos e heteroxéneos que modifican, de diferentes maneiras e persistentemente, os vectores establecidos do poder social, político e cultural». En resumo, a globalización suporía un desprazamento da localización do poder e unha maior interdependencia, pero tamén o posible reencontro de novos equilibrios. Circunstancia á que deberíamos engadir o feito de que a topografía das divisións globais do traballo, da pobreza e da explotación veu a converterse tamén nunha matriz cambiante de xerarquías, social, política e economicamente construídas (Hardt e Negri, 2004: 196).

No camiño de establecer unha lectura interpretativa concordante coa recoñecida complexidade do proceso, pode enmarcarse a frecuentemente citada proposta do antropólogo cultural Arjun Appadurai, incluída no seu traballo *Disjuncture and difference in the global cultural economy*. No seu artigo, Appadurai postula a

existencia de cinco fluxos globais; cinco escenarios que axudarían a entender e interpretar o feito global. Escenarios *étnicos* que remitirían a fluxos humanos e turísticos, escenarios *técnicos* relativos aos intercambios tecnolóxicos, os cales, xunto cos escenarios *financeiros*, *mediáticos* e de *ideas*, comporían un crebacabezas feito de complexidades que, de xeito recorrente, comporían e recomporían a densa malla da tea global.

Por outra parte, o concepto de globalización estivo, e segue estando aínda, sometido a polémicas de distinto signo, articuladas dende diferentes perspectivas. Polémica maior foi a que confrontou a aqueles que lle negaban substancialidade, ao considerala un simple pretexto do mercado para facilitar o seu deslastre de compromisos (Giddens, 2000: 20), fronte a aqueles outros que afirmaban o ocaso do estado-nación. Ao seu lado abriron paso outras diverxencias e tensións de calidade e cantidade que permiten constatar o carácter complexo, e mesmo en moitos aspectos contradictorio, que este proceso presenta.

2 ACERCA DAS ESPECIFICIDADES CULTURAIS DO PROCESO DE GLOBALIZACIÓN

Outro aspecto relativo á globalización sobre o que se reflexionou foi o da súa dobre dimensión económica e cultural. Esta dobre dimensión obríganos a constatar a dificultade existente neste momento para escindir eses dous aspectos. O feito de que a cultura de masas se distribúa en forma de mercadorías fai inviable unha estimación dos fluxos culturais con independencia dos do mercado (Warnier, 2000: 105). Mentres que, por outro lado, esta situación non só provoca problemas novos, como o da condena daquelas culturas que non dispoñen dunha capacidade estratéxica suficiente para poder moverse de xeito fluído no mercado, senón tamén outros máis específicos das sociedades occidentais, as cales observan hoxe como os procesos de concentración empresarial, tamén no sector da cultura, ameazan con estreitar as marxes da democracia cultural e a liberdade creativa.

En todo caso, a globalización foi tomando corpo como concepto que nos resulta útil para comprender mellor esta etapa de modernidade tardía na que vivimos. E nese sentido, mesmo entre os vellos estados nacionais (Hardt e Negri, 2004: 194), tende a afirmarse a constatación de que, de xeito crecente, as antigas fronteiras nacionais resultan excesivamente estreitas para poder responder aos novos requirimentos da cultura, da ciencia e do mercado.

Así mesmo, a globalización non soamente provoca cambios nos aspectos e dimensións antes apuntados, resulta tamén constatable que o proceso de modernización-globalización é tamén un axente activo na difusión global dun *ethos* instrumental (Meyer, 2000: 245) e de modos pragmáticos de construción social do mercado destinados a chocar con tradicións e rutinas locais asentadas (Dürschmidt, 2000: 109-110). En virtude diso, cada vez resultará máis ostensible a evidencia de que a globalización transforma e cambia tamén o mundo da vida das persoas, ou en palabras de Giddens, a globalización tamén nos cambia a nós por dentro (Beck, Giddens e Lash, 1997: 125). As novas expresividades e os novos modos de solidariedade globais non son máis que unha evidencia complementaria desta crecente tendencia que se adapta ás formas máis rudas de dominio global do mercado.

De todos os xeitos e tal e como nolo recordaba A. Smith (1990), as culturas putativas globais, en contraste coas nacionais, carecen de memoria, non posúen unha secuencia xeracional nin unhas paisaxes sagradas nin tampouco unha idade de ouro á cal poder evocar e mobilizar simbolicamente como mito rexenerador. En dirección semellante, Lash e Urry (1993: 306), tras afirmar que resultaría máis plausible falar de procesos que están a globalizar a cultura que dunha cultura propiamente global, pasan a recoñecer a existencia de dinámicas fortes orientadas nese sentido, tales como o auxe das redes profesionais globais, as institucións de vocación mundial ou a crecente competitividade e o incremento de fluxos de comunicación alimentados a través de idiomas que, como o inglés, gozan nese escenario dun estatuto

de privilexio, ou mesmo, o desenvolvemento de valores globalizados de democracia e cidadanía. Non obstante, un dos autores que máis atendeu este tipo de preocupacións dende o ámbito latinoamericano, o autor brasileiro Renato Ortiz (2002: 87-88), apostaba por defender a idea de que non resulta moi pertinente postular hoxe a hipótese acabada dunha cultura global, dado o feito de que a situación actual dos procesos de produción e difusión cultural no mundo o que estarían a provocar sería precisamente unha aceleración das condicións de mobilidade e desencaixe, as cales orixinarían, pola súa vez, o xurdimento de novos referentes identitarios.

2.1 Os límites do concepto de globalización

En todo caso, e a pesar de que a postura da opinión pública é tremendamente cauta respecto das virtualidades da globalización¹, parécenos pertinente aquí, a nivel metodolóxico, e xa dende este momento, establecer unha distinción clara entre o que é o proceso globalización e o que son as críticas posibles a este proceso. Esta chamada de atención á prudencia metodolóxica é conveniente porque (Street, 2000:102) un dos problemas das teorías da globalización adoita ser o da súa tendencia a ignorar as actividades culturais e sociais de baixo nivel, o que impide que se poidan percibir con pleno sentido as relacións existentes entre os aspectos locais, nacionais e globais. A relación entre o global e o local, lonxe da linearidade do diagnóstico da estandarización, necesita a nivel metodolóxico reivindicar a constatación de que, fronte á recorrencia de estudos macrosociais sobre globalización, tipicamente económicos e de comunicación, é preciso contrastar hoxe os seus descubrimentos cos lugares

1. Nun artigo recente (*El País*, 8-9-2001) o profesor Vidal Beneyto achegaba os datos procedentes dunha enquisa realizada en Francia segundo a cal soamente o 1% dos entrevistados consideraría que a globalización era algo bo para todos, fronte ao 47% que opinaba que esta só favorece os mercados financeiros xunto a un 55% que cre que favorece as multinacionais.

–cidades e fronteiras– onde o global interactúa e é remodelado pola historia local (García Canclini, 1999a: 178, 201). En definitiva, soamente unha perspectiva local, que sexa capaz de interpretar as prácticas e as lóxicas de consumo cultural inseríndoas no contexto múltiple da vida cotiá dunha comunidade, sería capaz de avaliar o efecto cultural do impacto dos produtos e das mensaxes globais.

Estas apreciacións axúdannos a avanzar cara á constatación de que a relación global-local é densa e intricada: xa hai algúns anos (Robertson, 1992) formulouse un dos paradoxos que agardan neste traxecto. O feito de que novas perspectivas, tales como a defensa do carácter xenuíno das realidades locais, se produza como unha emerxencia global dános a pista dunhas recorrencias que asumen un perfil «glocal», na medida en que ambas as dúas dimensións, polo menos en moitos aspectos, resultan imposibles de diferenciar.

Esta densa imbricación entre ambos os dous niveis resulta, dende un punto de vista metodolóxico, consubstancial para poder comprender o xeito como este proceso veu acontecendo. De aquí derivanse constatacións tales como a de que no proceso de construción do local resulten, a miúdo, máis activos aqueles axentes afectos a unhas perspectivas valorativas máis abertas e cosmopolitas ou, aínda, tal e como foi o caso dos occidentais modernizadores, o feito de que estas elites comprometidas cos ámbitos locais fosen as que converteron en eixe das súas iniciativas o esforzo por importar e implantar novidades políticas, técnicas e sociais procedentes doutros ámbitos exteriores. Ou mesmo tamén o feito converxente de que, nunha ampla medida, a emerxencia dos territorios locais, como espazos para a plasmación de utopías factibles, funcionase en boa medida como unha vía para a secularización doutras vellas utopías emancipadoras de carácter universalista.

3 O PROCESO DE GLOBALIZACIÓN: PODER, HEXEMONÍA E REDE

A nivel económico, a recente énfase na entronización do mercado como un actor global supostamente regulador non pode facer esquecer toda a tradición da análise teórico-crítica sobre o modelo económico mundial prevalecente, de carácter imperialista, fundamentado na teoría da dependencia. No momento actual os posicionamentos teóricos fronte á globalización están a convocar posturas cada vez máis matizadas e abertas a un recoñecemento, tanto das súas virtualidades e da súa capacidade para abrir a economía mundial e favorecer o cambio social, como cara á esixencia de que ese mesmo proceso sexa controlado de maneira que amorteza os seus potenciais efectos máis perversos (Bhagwati, 1999). Dende a perspectiva da tradición crítica cuestionadora do papel desempeñado polo actor económico protagonista, o capitalismo internacional, algúns autores como Samir Amin (1998) achegaron unha análise que ispe a utopía globalizadora das súas compoñentes máis reaccionarias, propoñendo a partir do seu diagnóstico posibles reorientacións². Algunhas propostas, tales como a organización do desarmamento mundial, a distribución do acceso aos recursos do planeta dun modo igualitario, a negociación de relacións económicas abertas e flexibles entre as principais rexións do mundo ou, en fin, o inicio de negociacións para unha xestión correcta da dialéctica mundial/nacional, serían, na súa opinión, algunhas das esixencias precisas para converter a globalización nun proceso máis aberto e viable.

Sen dúbida hai datos flagrantes, paralelos ao actual proceso de globalización, que son en si mesmos unha chamada de aten-

2. A nivel español esta capacidade para analizar os niveis de complexidade que presenta o proceso pode reflectirse na polarización de perspectivas que oscilan entre a esixencia de asumir e controlar o proceso dende dentro recoñecendo a súa ambivalencia (De la Dehesa, 2001) e a proposta crítica como posición ante o feito (Fernández Durán, R.; Etxezarreta, M.; Sáez, M., 2001).

ción. O feito de que hoxe o mundo manteña diferenzas discriminatorias a nivel planetario máis fondas das que existían no ano 1900³ formula sen dúbida a esixencia de revisar o modo en que actualmente se está a producir o proceso de globalización.

Para algúns autores, mesmo se trataría de poñer en evidencia o carácter crítico que está a asumir o modo emerxente de articulación do territorio a nivel internacional. As megacidades (Veltz, 2000), distribuídas internacionalmente a modo dun peculiar arquipélago, no cal se concentraría non só a competitividade senón tamén as desigualdades, porían a proba a capacidade destas colectividades para manter un modelo de solidariedade interno como o que serviu de fundamento ao desenvolvemento das sociedades occidentais durante as últimas décadas.

Dende a perspectiva máis específica da globalización de tipo cultural, esta liña de análise contou cunha tradición analítica relativamente recente que se ocupou sobre todo do risco derivado do dominio norteamericano sobre as grandes industrias do consumo cultural, acuñando para iso o termo de «americanización».

Esta proposta, recentemente revisada por diversos autores (Tomlinson, 1991; Crane, 2000), contou con achegas procedentes de diversas correntes, en xeral emparentadas coa teoría crítica de inspiración marxista. Esta tendencia (Schiller, 1996; Mattelart, 1998; ou autores latinoamericanos como: Colombres, 1997; Stavenhagen, 1997) fai fincapé na capacidade dalgúns países centrais, en particular Estados Unidos, para impoñer a outros normas, comportamentos e estilos de vida. Este proceso levaría consigo o cumprimento dun auténtico labor estandarizador e de domina-

3. Estas diferenzas concrétanse en que, do total da poboación do mundo, 500 millóns de persoas viven nunha boa situación, fronte a un total de 6000 millóns que sofren moitas carencias, en que a porción de renda global da quinta parte máis pobre da poboación mundial se reducirá do 2,3% ao 1,4% entre 1989 e 1998, mentres a proporción que leva a parte máis rica se incrementa (Giddens, 2000: 28), ou en datos tales como que na África subsahariana vinte países teñan hoxe unha renda per cápita en termos reais inferior á que tiñan a finais dos setenta.

ción, propiciado por un modelo cultural definido pola súa homoxeneidade. Non obstante, outros autores como M. Abrahamson (2004: 122-123) achégannos unha mirada que, a partir dunha observación fenomenolóxica dos procesos, mostra a riqueza de tendencias que habitan nestes fluxos modais que transitan por países e culturas. As influencias culturais derivadas do consumo e o seu imaxinario tenden a concentrarse nos sectores privilexiados das periferias, resultando estas particularmente visibles en zonas do planeta como O Xapón que, malia atoparse afastadas das fontes primarias da tradición cultural occidental, souberon afrontar os seus efectos e logros de xeito eficiente en moitos outros aspectos.

Por diversos motivos, a percepción actual da capacidade crítica da proposta antiimperialista fundamentada nos riscos da americanización viuse considerablemente matizada e transformada ao longo dos últimos anos. Aínda que estas reconsideracións non evitaron que se mantivesen tomas de postura defensivas en Europa como noutras partes respecto deste predominio. Neste sentido, a etapa en que J. Lang foi ministro de Cultura en Francia pode considerarse que supuxo nunha estimable medida unha reafirmación nacionalista, europeísta e «antiamericana» en cultura.

Respecto ás recentes reconsideracións que se realizaron para a análise deste asunto, pódese dicir que estes abordaron distintas dimensións do problema; por un lado, revisouse a idea de que o dominio hexemónico cultural, que implicaba o diagnóstico en termos de americanización, se poida considerar como tal tendo en conta a extrema importancia, xa neste momento, de dous factores recoñecibles: primeiro, os intercambios rexionais a nivel de produtos culturais e de comunicación en ámbitos tales como Asia, Oriente Medio ou Latinoamérica (Sinclair, 2000) e, segundo, en virtude da recente irrupción a nivel mundial de grandes grupos económicos de comunicación non americanos (australianos, xaponeses, europeos, canadenses...).

É preciso engadir que distintas avaliacións empíricas nos orientan a repensar algúns aspectos do problema, tales como o feito de que baixo esa rúbrica (*macdonaldización*, *disneyzación*, etc.)

se ocultan fenómenos que responden en boa medida a cambios, tendencias e intereses socioeconómicos máis que a axendas definidas e programadas a un nivel político-ideolóxico (Sinclair, 2000: 96; Tomlinson, 1991, 1997).

Neste momento, máis alá de MacDonaldis, existen outras compañías multinacionais de ampla presenza internacional que pertencen ao capital doutros países, por exemplo Quick, Free Time ou Briche Dorée son compañías francesas. Tamén en España están a xurdir hoxe, ao albor das novas oportunidades do mercado, empresas destas características, como Pizza Móvil ou Pans and Company, que responden, nunha medida determinante, á emerxencia de novas prácticas sociais e novas pautas de consumo.

Probablemente se referise implicitamente a esta circunstancia Romano Prodi no seu discurso pronunciado no Parlamento Europeo o 13 de abril de 1999 cando fixo a seguinte afirmación, en aparencia escandalosa: «A forza da cultura norteamericana, nun sentido amplo e tal como se expresa simbolicamente nos media, está considerada por algúns como capaz de constituír unha referencia unitaria para unha Europa que se atopa na busca da súa alma. Esta hipótese non ten nada de escandaloso». O que quizais está debaixo das afirmacións de Prodi pode que sexa o feito ineludible de que hoxe en día as tecnoloxías están a influír máis rapidamente que nunca no modo de producirse as culturas, así como tamén a circunstancia de que a difusión destas mesmas tecnoloxías dá lugar ao reencontro e ao achegamento de valores entre culturas. Algo normal, por unha parte, se se ten en conta que a cultura estadounidense é un crisol de achegas culturais europeas e mesmo latinoamericanas e africanas.

De todos os xeitos o que si avalía a proposta de Prodi é a relevancia transcendental que están a evidenciar de xeito crecente os contidos nos procesos de produción cultural e de información. Dificilmente poderá dar froitos unha industria de comunicación global, rexional ou nacional se ignora e rexeita o legado cultural e as memorias xenuínas que conforman os contidos das mediacións de comunicación.

Outro dos aspectos revisados foi o da existencia dunha suposta e esmagadora «americanización» que, en moitos casos, resultou un «tigre de papel» ao evidenciarnos, máis ben, a xénese de peculiares solucións de compromiso e a aparición de hibridacións particulares nadas do encontro mestizo entre modelos culturais diferentes. Frecuentemente resoltos de xeito diverso nos territorios concretos das distintas identidades (casos recentes poderían ser a *chicanización* nos EE UU de América, ou o caso da coñecida como cultura «bravú» en Galicia, etc.) (García Canclini, 1989). Ao revisarse os modos como se canalizaron os desequilibrios entre as culturas constatouse que a capacidade de reacción destas resultaba en moitos casos maior do que se pensaba, isto levou a algúns autores latinoamericanos a falar de «americanización epidérmica» (Monsivais, 1993), a preferir conceptos alternativos como o de *chicanización* ao máis simple e plano de «americanización» (García Canclini, 1999a) ou mesmo a postular o concepto de cultura internacional-popular (Ortiz, 1997), que englobaría aquilo que vincula a Bogart, a Marilyn, a Claudia Schiffer, ao Che Guevara ou a Asterix en algo así como un imaxinario colectivo mundial. Neste aspecto, e seguindo a J. P. Warnier, quizais poida afirmarse que, malia que a Coca Cola, MacDonalds ou Disney estean presentes en todo o mundo, non poidamos concluír necesariamente que todas as culturas do mundo estean en proceso de americanización. Neste sentido, podemos afirmar con Lull (1997: 195) que as influencias locais e rexionais non desaparecen ante as culturas importadas, máis aínda, mesmo o estado nacional, que segundo algúns enfoques está a perder poder como estrutura social necesaria, aínda demarca importantes diferenzas culturais, para iso abondaría con comprobar o esforzo que é preciso desprezar para tratar de conformar un proxecto como o da Unión Europea. En calquera caso, a Humanidade, hoxe coma onte, segue sendo unha máquina de fabricar diferenzas e desequilibrios de todo tipo. Estes desaxustes perpetúan as culturas existentes e as súas funcións identificadoras, as cales exercen labores de orientación individual e colectiva. Ata tal punto foi así que nos últimos anos chegou a detectarse unha vaga reactiva

xeneralizada por parte das culturas e identidades locais co obxectivo de configurarse como ámbitos cuestionadores dentro da continuidade dos fluxos centrais e dominantes. Unhas rupturas e unhas tomas de postura que Coleen Roach (1997) resumiu en tres estratexias básicas, concretables na aparición de formas de resistencia política conscientes e definidas, no xurdimento de audiencias activas máis capaces e selectivas, así como nun terceiro feito relacionado cos dous anteriores: o rexeitamento ou a diminución do interese dos consumidores polos produtos culturais americanos ao recuperarse, nalgúns sectores, unha significativa preferencia polas producións locais. Neste aspecto quizais poida afirmarse en virtude diso que o éxito transnacional de moitos produtos culturais se segue vendo lubricado pola pertinencia global dos asuntos que aborda, tanto como pola mercadotecnia ou pola calidade da súa factura. Probablemente o éxito logrado por unha produción anglosaxona como foi no seu momento a película de Billy Elliot se debese tanto á boa música e á calidade da súa execución coma á sintonía das audiencias, dentro e fóra do ámbito anglosaxón, co angustioso dilema dun pai que se ve forzado a escoller entre a vella lealdade ao seu sindicato obreiro e o apoio aos prometedores visos artísticos do mozo Billy.

Nos últimos tempos tivemos que revisar tamén a tendencia a analizar os modos de dominación cultural nunha clave exclusiva de carácter político e ideolóxico para pasar a afirmar o frecuente perfil económico que presentan as tomas de posicións da industria cultural no mercado, algo que se vén facendo evidente coa crecente irrupción de capital non americano nas grandes industrias da cultura e da comunicación. O caso da empresa Vivendi-Universal, liderada no seu momento por un personaxe peculiar de carácter claramente europeo como J. M. Messier, representou a posibilidade de que Europa, en alianza con Canadá (Seagram), puidese controlar a segunda empresa mundial no ámbito da comunicación detrás de AOL/Time Warner. Unha empresa valorada en 13 billóns de pesetas que, ademais, se caracterizou tamén pola súa peculiaridade organizativa, dado que a totalidade dos seus empregados

foron integrados como accionistas. Este evento, ou outros tales como a compra de Lycos pola española Telefónica, xunto con outras diversas adquisicións e movementos de capital, foron marcando ao longo das últimas décadas un proceso que tamén no económico evidenciou polo menos certas marxas de manobra.

Por outra parte, é necesario dicir que nos últimos traballos sobre a globalización da cultura prevalecen en xeral unhas aproximacións máis abertas e complexas que aquelas que facían fincapé en modos unidireccionais de dominación, incidindo sobre todo no carácter revolucionario a nivel de civilización do actual proceso de cambio. A emerxencia da que algúns definiron como «sociedade da información», «sociedade do coñecemento» ou, máis en concreto, «sociedade da cultura», fixo avanzar análises que subliñan, en ocasións dun modo prometeico ou «tecnoutópico», os efectos perversos e/ou emancipadores da mesma rede socio-tecnolóxica, tendendo a subliñar os riscos de homoxeneización e de dominación cultural (Virilio, 1997: 15; Mattelart, 1998; McChesney, 2002: 240). Pola contra, autores como J. Rifkin teñen chamado a atención sobre as novas oportunidades emerxentes (Rifkin, 2000) e mesmo sobre as vantaxes comparativas coas que se atoparía Europa fronte a USA ante unha eventual primacía do cultural sobre o meramente tecnolóxico no seo dunha nova economía en que están destinados a prevalecer os contidos sobre os continentes.

Outra característica en que é necesario facer de novo fincapé é que a globalización é, fundamentalmente, un feito económico derivado do fortalecemento efectivo do mercado. Neste aspecto, algúns autores afirmaron que falar de mundialización da cultura é un abuso da linguaxe e que, como moito, do que hoxe poderíamos falar sería da mundialización de certos mercados culturais tales como o cinema, o audiovisual, o disco ou a prensa e, en especial, as revistas (Warnier, 2000). Este feito vén a subliñar unha característica inherente hoxe á cultura: a dimensión consumista da cultura global en contra das formas locais das culturas, nas que prevalecerían as dimensións factuais, relacionais-participativas e as identitario-comunitarias. Neste aspecto podemos afirmar que o

feito cultural, que sempre evidenciou unha vocación pública, tende hoxe a ser substituído pola cultura como produto para ser consumido dun modo individualizado. Esta tendencia coincide co risco latente á lóxica mercantil de priorizar os aspectos instrumentais e económicos sobre os de carácter humano e social. A priorización da cultura como consumo tende a fagocitar as dinámicas relacionais e de mediación e, polo tanto, a disolver os vínculos sociais.

En todo caso é preciso matizar esta aproximación no sentido dobre de que hoxe en día nin os produtos culturais son de modo exclusivo mercadorías –como moito serían unhas mercadorías simbólicas moi especiais e cargadas de significados– ou mesmo o feito de que as industrias do ocio, da diversión e da imaxe van moito máis alá do simple mercado.

Noutro aspecto, pódese afirmar tamén que os ámbitos locais están hoxe a definir produtos culturais propios que responden a unha nova lóxica de demandas duns consumidores que, cada vez máis, afirman unha sensibilidade polos produtos culturais locais e rexionais, os cales se adaptan dun modo particularmente eficiente a esixencias expresivas de identificación que remiten ás lóxicas sociais de produción de demandas e á súa inherente complexidade. Esta constatación provocou que mesmo as empresas multinacionais (vinculadas ao deseño, por exemplo) desenvolvesen de modo crecente estratexias de mimetización naquelas áreas e culturas nas que traballan ou que procuren denominacións que as desterritorialicen vinculándoas a un imaxinario global⁴.

En virtude da fragilidade do proceso globalizador, os temas de debate que este provoca suscitan un mosaico de cuestións e referencias, dende a de cal ha de ser o destino das múltiples cultu-

4. Como exemplo disto, nunha recente entrevista o empresario galego Amancio Ortega, propietario da empresa multinacional ZARA, afirmaba que esa era a estratexia da súa empresa ao deseñar e decorar comercios: a de procurar que parecese unha tenda típica que respondese simultaneamente a unhas características globais e aos trazos específicos do país onde se situaba o comercio.

ras da tradición, aparentemente sumidas no marasmo do mercado mundial dos bens culturais, ata a de elucidar a nivel interno en que medida resulta asumible un proceso de concentración das industrias culturais tan galopante como o que están a definir hoxe as dinámicas do mercado.

Con independencia de que ao formularmos a cuestión de se hoxe nos atopamos nun contexto global en que prevalece un modelo de dominación cultural hexemónico, nun de redes ou nun de maior complexidade no que se inclúen ambas as dúas tendencias (Crane, 2000), é preciso recoñecer con algúns autores (Street, 2000: 128) e con instancias culturais europeas (Council of Europe, 1997: 287) a pertinencia de identificar estratexias que permitan viabilizar a produción e a difusión de culturas locais. Neste aspecto é preciso reivindicar o papel das administracións e dos estados como axentes decisivos para colaborar na estruturación da produción e do consumo de cultura. Un tipo de intervención que é precisa e se produce non só a nivel dos estados senón tamén ao dos ámbitos locais. Pola súa parte, o Consello de Europa chamou a atención sobre o risco particular que lles formula a globalización a moitas producións nacionais de medio nivel que, sen ter o suficiente atractivo para acceder ao mercado global, resultan con todo necesarias como referentes vertebradores da sociedade civil e da cultura local.

En congruencia co que acabamos de afirmar e retomando algo que xa apuntamos máis arriba, outro dos escenarios emerxentes que están sendo provocados en paralelo coa dinámica globalizadora é o da aparición de instancias mediadoras entre os ámbitos propiamente locais e as formas globais e dominantes da cultura. Ámbitos tales como Latinoamérica, Europa, a Lusofonía, o Arco Atlántico, a Comunidade Ibérica ou outras «rexións», máis ou menos fundamentadas en feitos históricos ou socio-estratéxicos, poden chegar a desempeñar unha función articuladora e facilitadora de iniciativas, ao mesmo tempo que de soporte para empresas e proxectos culturais. E isto sobre todo nun momento en

que a rede de redes nos obriga a establecer apostas afinadas e eficientes no modo de presentar e verter o local no global.

4 AS IDENTIDADES CULTURAIS NA SOCIEDADE GLOBALIZADA

As identidades e as culturas locais e rexionais desenvolveron unha forte reacción no contexto da sociedade globalizada. Nunha boa medida ese posicionamento alternativo exerceu a modo dun desquite simbólico fronte ás presións homoxeneizadoras derivadas dos fluxos dominantes do mercado e os seus recursos como dinámica hexemónica. O universo aberto da sociedade global conxuga unha tripla dimensión de posicionamentos facendo posibles tanto as presións homoxeneizadoras, as desvinculacións reactivas das culturas e das identidades como os encontros e hibridacións no marco dos que frecuentemente as culturas ensaian e experimentan as súas propias e xenuínas solucións. A diferenza xorde como un feito inexorable, como un patrimonio de liberdade irrenunciábel ao mesmo tempo que como un legado que reconstruír e que defender polas etnias, grupos e comunidades. Cada cultura, cada grupo conserva a súa distancia e defende a súa identidade recontextualizando os contidos e os bens importados, cos que se confronta e enriquece.

En todo caso, pódese afirmar que a heteroxeneidade segue sendo a regra nun mundo que hoxe concibimos globalizado. Os estados perfectamente homoxéneos cóntanse cos dedos das mans (Hennebelle, 1992). Algo ostensible nun mundo en que se falan 6000 linguas diferentes en 225 estados soberanos e territorios autónomos. Vinte e seis linguas por estado de media, esa é a regra aínda hoxe.

Nos lugares, na afirmación das súas culturas resulta determinante a dimensión identitario resistencial que, fundamentada na súa memoria, se configura, reconstrúe e mantén apoiándose en contidos e relacións; é dicir, baseándose nunha mobilización material e intelectual dos seus recursos humanos internos.

A identidade é o zume e o carburante, o software, preciso para o desenvolvemento dunha comunidade. Os suxeitos, dicía Castoriadis (1975), están animados por desexos que procuran imaxes social e culturalmente construídas do obxecto desexado. Este imaxinario é o factor de creación e recreación continuado do marco social e histórico no que se desenvolve unha comunidade. Convén incidir no feito de que entendemos a identidade simultaneamente como unha realidade complexa e fráxil, á vez que como un marco de referencia orientador. Non esquezamos que cada cultura se distingue pola forma de analizar e codificar a realidade conforme aos diferentes sistemas de percepción-comunicación existentes en cada época. É capaz de actuar como un referente que admite categorías de tipo político e que require contidos ideolóxicos para poder configurar esa area solidaria e controvertida que poderíamos definir como relacións sociais ou espazos comunitarios. A identidade é unha peculiar ferramenta que nos permite tanto expresarnos como ser expresados por outros, ao mesmo tempo que se constitúe como un conxunto de repertorios de acción, de lingua e de cultura que permiten a un individuo recoñecer a súa pertenza a un grupo social determinado, identificarse con el e controlar as súas propias institucións culturais (Morley e Robins, 1995). Pero posúe unha constitución fráxil na medida en que as identidades non están dotadas da solidez inalterable do diamante, senón que están habitadas por unha forza moito máis etérea que vincula as persoas, os grupos e as comunidades ao século. Nese aspecto as identidades teñen que moverse nun terreo escorregadizo no que axexan perigos polarizados. Fronte ao risco de disolución e perda da memoria, encóntrase o risco de musealización cando se desexa conxelar as esencias (Jeudy, 1986). E fronte ao afán de construír a diferenza encóntrase a imposibilidade efectiva de existir á marxe dos valores que emerxen a nivel global. Nese aspecto evidénciase como ineludible o paradoxo formulado por Ernesto Laclau (2000: 17) cando recoñece que defender por exemplo o dereito de todo grupo étnico á autonomía cultu-

ral non é senón avanzar nunha reivindicación que non se pode xustificar máis que invocando razóns universais. Todo grupo que reivindique o dereito á súa diferenza, por riba diso está tamén reivindicando a igualdade para outros para que poidan expresar as súas propias diferenzas. A esixencia hoxe de que unha cultura para selo e manterse teña que afirmarse na area global ou internacional non é senón outro dos fíos da navalla cos que han de enfrontarse as identidades para facerse viables.

Pode afirmarse, en consonancia con García Canclini, que só a hibridación incesante poderá habilitar as culturas para ser fecundas. Os repregamentos museais ou esencialistas, as reaccións fundamentalistas de carácter defensivo (Giddens, 2000: 61) que clausuran camiños non fan senón vedarlles a oportunidade do seu futuro. O cambio de escenario representa ademais, polo menos no caso das «culturas locais», unha resubstanciación dos propios conceptos polarizados. Se na orixe do desenvolvemento da cultura moderna a tensión entre globais e locais (mesmo este matiz se achaba tamén presente na vella distinción mertoniana entre «locais» e «cosmopolitas») se distinguía entre uns locais –por rutina e inercia–, fronte a uns individuos habilitados para controlar e decidir a súa apertura cara ao global, a nova situación sitúanos ante unha reacción que é, máis que ningunha, electiva. Os novos locais xa non o son en virtude dunha imposición das circunstancias senón, cada vez máis, como actores conscientes que asumen voluntaria e conscientemente a súa actitude. Sen dúbida esta situación non é allea ao feito de que o cidadán da modernidade tardía non desexa renunciar a unha dobre querenza de unión local e vagabundaxe global que o leva a simultanear ese dobre vínculo de fidelidades. Esa mesma versatilidade que lle permite redefinir os modos de vinculación pode facilitarlle tamén o acceso a novas formas de pertenza máis irónicas, menos mecánicas, «a belonging without identity» (Grossberg, 1997: 103).

Por outro lado, podemos tamén afirmar que a materia que configura as identidades está formada por fragmentos (Hall, 1997), é produto de múltiples mestizaxes (Laplantine e Nousse, 1997) e

frecuentemente procura o mantemento de distintas lealdades compartidas (locais, rexionais, globais, etc.); moi a miúdo contraditorias e cambiantes. Fráxil tamén, porque un dos grandes riscos anticulturais das identidades é o do seu exceso ou o da súa primordialización. Os racismos, os repregamentos xenofóbicos, beben nesa auga turbia que se esgota en si mesma, incapaz de establecer pontes co resto do mundo e das culturas, na súa circularidade excluín-te e autorreferencial.

Afastada destas dimensións reduccionistas atópase a dimensión activa das identidades (Castells, 1998). Esta dimensión está máis preocupada polos procesos e as continxencias que pola pura e simple preservación das esencias. O seu modo de producirse invita –de xeito crecente–, máis que a esencias definidoras, ao despregamento de procesos estratéxicos. Nese aspecto, a identidade viría a ser o marco fundamentador do labor institucional e da mobilización de recursos dunha comunidade que acepta afirmarse como tal a través dun proceso colectivo e democrático. Actuaría nunha dobre condición de soporte e guía orientadora para a acción histórica.

O termo de identidade queda estreito e parece convocar outro concepto máis aberto como o de identificación, que nos achegue con maior transparencia a un referente que ten que ser por forza flexible, contextual e flutuante. O risco de instrumentalización da identidade por parte daquelas forzas sociais capaces de inventala e producila (Hobsbawn e Ranger, 1983) aparece como un problema engadido que formula os límites paradoxais da propia proposta. Aínda que tamén podería afirmarse que máis alá, ou máis acá, do risco de control na produción do sentido histórico por parte de determinados grupos sociais se atopa o filtro do eco alcanzado ou non polas súas propostas, que tende a actuar como mecanismo social lexitimador por deficiente que este sexa. En todo caso na constitución destes marcos de referencia que representan as identidades, como vectores de afirmación da diferenza, como mecanismos de resistencia, ao mesmo tempo que como soportes da acción colectiva, existe un factor

determinante que é conveniente deixar apuntado aquí, o da existencia dunha constante: as loitas *expresivas* dos individuos, os creadores e os movementos sociais pola afirmación de sentidos, pola conquista de *significados*. Poderíase afirmar que producir identidade é tamén a *riqueza dos pobres*; isto pode ser afirmado dende uns supostos de mobilización colectiva nos que converxen as miradas de Hardt e Negri (2004: 120 e 244) coas teses da dialoxía e a da produtividade social do imaxinario carnavalesco de Mijail Bajtin, coas do teórico francés da resistencia Michel de Certeau ou coas propostas da *swarm intelligence* (Kennedy e Eberhardt, 2001). Dende esa perspectiva, a tensión susceptible de ser establecida entre modelos naturais de mobilización empática como o do *enxame*, argumentado e desenvolvido por Hardt e Negri, entra en colisión co prevalente perfil *reflexivo* da nosa sociedade. A condición estratéxica das identidades apela de modo constitutivo á condición reflexiva dos proxectos e plans con base nos cales se constrúe e reconstrúe –polo menos nas sociedades que seguen o patrón occidental– o colectivo. Outro factor relevante é o que representa o feito concorrente de que determinadas estruturas imaxinadas e construídas como a nación non só canalizasen aspiracións identitarias de sentido, senón que a súa mesma función fose a de crealas e fomentalas dun modo tan activo como consciente. Parece claro que a aqueles individuos da modernidade tardía afectos a exercer na *dirección interna*, como quería o xa vello diagnóstico de David Riesman, esta nova situación abocaríaos ao consecuente paradoxo posmoderno das identidades electivas ou elixidas (Hetherington, 1998). O logro deste estadio daría acceso a un modelo que conxugaría as dimensións sociais e as individuais nunha nova e máis complexa matriz identitaria. En virtude dese proceso, ao mesmo tempo que o individualismo se institucionaliza (Beck e Beck-Gersheim, 2003: 71), a identidade faríase reflexiva e vocacional.

Recentemente e en relación cos procesos sociais de produción das identidades, chamouse a atención acerca da capacidade

das comunidades para xerar enerxías que faciliten procesos sociais de identificación. Nese aspecto, as dimensións contextuais externas (Huntington, 1996) ao lado das internas (Bayart, 1996), xunto con outros factores como a oportunidade política para o seu xurdimento, inciden na compoñente activa e estratéxica das identidades, na súa capacidade para constituír vínculos e mobilizar as colectividades. Dende esta perspectiva e para as culturas e territorios concretos afectados por procesos equiparables, como podería ser o caso de Galicia, as tensións que este provoca remiten tamén a aquela orde de conflitos sociolóxicos internos que enfrontan aos que enarboran unha actitude conservacionista, apostando pola defensa dunha memoria local articuladora do futuro, fronte a aqueles outros que, optando por unha actitude negadora, pensan que unha cultura ten as súas maiores oportunidades de proveito na súa propia inmolación na area doutra referencia identitaria máis grande e poderosa. Afortunadamente, esta formulación, polo menos nas súas propostas máis superficiais e demagóxicas, está a experimentar hoxe un ostensible declive. Neste aspecto fíxose notar, cada vez con maior transparencia, a capacidade dos medios de comunicación para contribuír a este labor a través do seu traballo cos imaxinarios colectivos. Esta dobre constatación reforza aquela, que é unha das ideas centrais do presente texto, acerca da esixencia de facer converxer as estratexias culturais de carácter social e relacional con aquelas que remiten á esixencia do desenvolvemento das industrias culturais e de comunicación de cara a posibilitar a resistencia e a acción social dende os marcos culturais e identitarios.

5 GLOBALIZACIÓN E CULTURA UNIVERSAL

O discurso teórico sobre o internacionalismo e a mundialización contou cunha tradición que estivo vinculada ao pensamento utópico de esquerdas. Esta perspectiva de carácter universalista afirmábase na condición inexorablemente internacionalista que terían os procesos de emancipación das masas. Para algúns auto-

res, como E. Laclau⁵, o actual fincapé na diferenza e na diversidade pode cuestionar os vellos valores universais e igualitaristas que subxacían ás vellas utopías emancipadoras.

Non obstante, podemos afirmar que as propostas de «globalización ascendente» (Falk, 1995; Jáuregui, 2000; Rojo, 2000), defendidas por algúns autores, que terían que respectar simultaneamente ambas as dúas escalas democráticas traballando na creación dunha sociedade civil global que poida ofrecer un futuro diferente ao que están a producir as forzas económicas do mercado, ou a proposta de García Canclini dunha «cidadanía ecuménica» camiñan en paralelo con este tipo de preocupacións. O diagnóstico proposto por A. Giddens no seu *Un mundo desbocado* reforza o mesmo punto de vista ao demandar referentes valorativos globais novos que permitan a emerxencia de formas renovadas de autoridade democrática (Giddens, 2000: 62, 94, 84).

Tamén Manuel Castells no seu último traballo (Castells, 2001: 311) chama a atención sobre o feito de que o desafío central da sociedade rede é o de precisar dunhas institucións que garantan a representación política e a participación dos cidadáns como unha vía imprescindible para a construción do consenso e o logro da eficiencia na xestión dos recursos públicos. Na súa opinión este é o elo máis débil da sociedade rede. A súa resolución requiriría hoxe unha reconstrución, tanto de arriba-abaixo como de abaixo-arriba, das nosas institucións democráticas de goberno.

Non se debe considerar esta preocupación integradora como algo alleo e necesariamente diferente das tradicionais aspiracións emancipadoras.

A aposta hoxe por un «cosmopolitismo democrático» tería que ser capaz de reafirmar as virtualidades dun encontro humanis-

5. Laclau, 2000, na p. 7 preguntase: «Imos acaso desembarazarnos do proxecto emancipador coma se se tratase dun soño caduco das Luces e substituílo aceleradamente por unha política pura do particularismo? Ou debemos, polo contrario, poñernos mans á obra para repensar a relación entre universalismo e particularismo dun xeito totalmente novo?».

ta, democrático e enriquecedor, tanto a nivel interno coma entre os distintos marcos e ámbitos que definen ás culturas.

Neste sentido, algunhas polémicas que abordan o problema dende a perspectiva interna das sociedades cosmopolitas occidentais evidencian as dificultades formuladas tanto pola defensa dun modelo rixidamente multicultural coma pola aposta a favor dun peche defensivo en dirección contraria por parte das sociedades occidentais avanzadas. Ante a alta sensibilidade social, derivada da recente eclosión inmigratoria en zonas como Europa, autores como o politólogo italiano Giovanni Sartori (2001) acenderon a luz de alarma recomendando unha revisión das posturas «inxenuamente» multiculturalistas, as cales poderían provocar rupturas críticas entre colectividades; fronte a iso, este autor propón a procura de medidas que favorezan os procesos de integración cultural. Dende outro punto de vista, e en traballos tamén recentes, o profesor norteamericano Edward W. Said e o investigador francés Michel Wieviorka chamaron a atención sobre o feito de que, máis alá dunha proposta rixidamente multiculturalista que provocaría un claro risco de *guetización* das minorías étnicas, conviría recoñecer as novas oportunidades que xorden entre as poboacións inmigradas para promover prometedoras derivas culturais e identitarias transversais (Said, 2000) facilitando un nomadismo cultural, o cal xurdiría así como unha nova forza potencialmente renovadora. Pola súa banda, Wieviorka (2001), desmarcándose das propostas multiculturalistas máis radicais, defende un modelo capaz de xestionar as contradicións existentes entre unhas culturas e unhas identidades forxadas en contextos e momentos diferentes. Na súa opinión, as expresións da diferenza, lonxe de ameazar á sociedade, constitúen uns produtos non necesariamente retrógrados susceptibles de ser reinventados constantemente a través do xogo das mestizaxes culturais e das diásporas. Para P. Gilroy (1998) trataríase, en todo caso, de conxurar o risco de primordialización e replegamento baseándose nunha comprensión política da identidade e a identificación que permitise a xerarquización de dimensións e o diálogo integrador entre culturas locais e referentes universais. Un

marco de oportunidade que tería que estar recuberto de procesos políticos tonificantes que xerminasen entre as identidades cívicas neutras da modernidade. Un posicionamento metodolóxico destinado a abrir camiños ao encontro integrador que, en todo caso, terá que facer compatible o respecto da diversidade co pacto negociador e a construción de pontes e vínculos (Held, 2005).

É por todo iso que pensamos que se pode postular que non existe necesariamente unha guerra a morte entre globalización cultural e universalización da cultura. A mesma revolución técnica, económica e social que viabilizou a globalización da cultura pode ser usada por aqueles que pretenden universalizala. Pero sen unha universalización cultural, que cauterizase tanto os riscos de dominación global como o do repregamento localista ou a *guetización* étnica, non sería posible realizar o ideal que mellor define as ambicións espirituais da modernidade: o do libre uso da razón.

Non obstante, todo o debate existente respecto desta nova forma comunitaria de confrontación entre universalismo, identidades e globalismo non evita un dilema de base orixinado no feito de que as culturas locais, as comunidades, están habitadas por forzas e virtualidades contrarias que oscilan de modo inexorable entre o modelo integrista de comunidade repregada e destrutiva e as potencialidades dos pequenos grupos para crear lazos de interacción e democracia máis fluídos. Entre a seita e a comuna, estas forzas coexisten quizais do mesmo modo como na residencia global encontran acubillo conxunto a ameaza do Grande Irmán e as virtualidades da emancipación ilustrada universal.

6 POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS E GLOBALIZACIÓN

A pertinencia, ou aínda a esixencia, de articular medidas excepcionais que sirvan para defender as propias culturas para evitar tanto unha disolución indiscriminada como a fraxilización social, simbólica e identitaria da colectividade é algo que vén sendo frecuente e que se activou de xeito particular naqueles momentos en que os distintos países e colectividades viviron situa-

cións de crise e riscos de disolución. Neste sentido, serven de exemplo dous casos europeos: o da aparición das políticas culturais como tales na Francia de De Gaulle na década dos cincuenta para dar resposta a un desánimo e a unha quebra identitaria provocada pola ruptura entre a apatía dimisionaria dos franceses acomodados ao goberno de Vichy, aliado do ocupante alemán; e as esforzadas testemuñas da dignidade nacional francesa representada polos membros da Resistencia. O obxectivo que orienta nese caso o nacemento das políticas culturais francesas (Urfalino, Ph., 1996) é o de «facer accesibles aos cidadáns as grandes obras do espírito, e en particular as grandes obras da cultura francesa...». Tampouco é outro que un obxectivo cauterizador o que orienta a creación do Consello de Europa (Grosjean, 1997) para iniciar un labor cultural nunha Europa enferma trala crise fratricida provocada entre os diferentes países polo desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial. Xa máis recentemente, cando nos anos oitenta o daquela ministro de Cultura Jack Lang promovía a súa política de apoio á produción cultural francesa farao, sen dúbida, dende unha tradición específica, pero tamén consciente de que se atopa nunha peculiar conxuntura definida tanto polo forte envite da industria cultural norteamericana como pola crecente relevancia social dese sector emerxente –o cultural–, cada vez máis protagonista tamén no ámbito económico.

Máis recentemente varios autores, sensibilizados polos riscos derivados da globalización cultural, retomaron o discurso acerca da pertinencia da intervención nun ámbito tan sensible como a da acción e as políticas da cultura. Algúns autores, como o profesor australiano Sinclair (2000), recoñeceron a capacidade estratéxica e reordenadora dos mercados culturais específicos e orixinais situados nas grandes rexións xeográficas, chegando a afirmar a esixencia de implementar medidas concretas (tales como a creación de fondos de produción e difusión audiovisual ou mesmo a regulación de cotas mínimas de emisión en pantalla) que permitan resistir e promover as culturas máis fráxiles e periféricas. Pola súa banda, García Canclini (1999b), baseándose nunha reflexión específica

centrada no caso concreto da comunidade latinoamericana, opta por propoñer a implantación de varias medidas específicas orientadas á protección e viabilización dun espazo e un mercado cultural latinoamericano. A saber: a creación dun Sistema Latinoamericano de Información Cultural que permita elaborar estatísticas culturais fiables de toda a rexión; a creación e promoción de dispositivos que articulen aos sectores estatal, privado e asociativo; a realización de investigacións culturais que permitan avaliar o papel das industrias culturais no desenvolvemento; a promoción de estudos comparativos acerca dos mecanismos de financiamento da cultura en Latinoamérica, Estados Unidos, Canadá e Europa co fin de detectar as formas máis idóneas para fomentar a complementación de recursos; así como tamén, finalmente, a medida de avanzar cara á creación de áreas subrexionais co establecemento de diferentes acordos e iniciativas integradoras susceptibles de ser establecidas entre diferentes tipos de organizacións e colectividadeas. Noutro traballo este mesmo autor (García Canclini, 1999a) achegábanos propostas complementarias orientadas dende un punto de vista máis social ao reclamar, fronte aos riscos derivados da globalización, a pertinencia de actuacións dirixidas a inventar novas formas de acumulación dos saberes locais e nacionais en redes rexionais e globalizadas que permitisen enlazar os actores intelectuais e artísticos cos movementos sociais e coas industrias culturais para promover programas integradores dirixidos a explorar novas posibilidades.

Outros autores como J. P. Warnier (2000) chegaron a postular mesmo a pertinencia de crear unha institución que, a xeito dunha peculiar OMC (Organización Mundial do Comercio), servise para regular a nivel global un sector tan sensible e estratéxico como é hoxe o da cultura.

En todo caso é un feito constatable que un dos escenarios que está a marcar o proceso de globalización cultural é non só o da emerxencia das culturas e identidades locais senón tamén o da aparición de instancias mediadoras ou rexionais de maior alcance que os estados-nación, as cales conforman espazos macrorrexionais orixinais e diferentes. Ámbitos tales como Latinoamérica,

Europa, a conca do Pacífico, Oriente Próximo, a grande área de influencia de India, ou aínda ámbitos tales como a Lusofonía, o Arco Atlántico ou outros posibles poden chegar a desempeñar un papel relevante articulando iniciativas e actuando como soportes para a promoción de empresas e proxectos culturais. E isto sobre todo nun momento en que a rede de redes nos obriga a establecer propostas eficientes nos modos de mediar entre o local e o global.

Respecto das culturas e identidades locais pode afirmarse que estas experimentaron en xeral unha forte recuperación a medida que se lle ían pechando as portas á viabilidade da súa existencia real como sociedades tradicionais. Dúas ameazas conxugadas e paralelas, modernización e globalización, serviron para que moitas colectividades e diversas minorías etno-lingüísticas tomasen conciencia do risco en que estaba incursa a preservación da súa memoria e o seu legado identitario. Acerca deste aspecto, e en referencia específica ao caso español, sobre o cal nos ocupamos con anterioridade (Bouzada, 1999), quede aquí dito que sobre o excelente exemplo que constitúe a actual España Autonómica se realizaron achegas concretas moi rigorosas, como as de R. Zallo (1992 e 1997) sobre o País Vasco e as de Lluís Bonet (2000) sobre a comunidade catalá, que certifican a esixencia de imaxinar formas de intervención pública que permitan facer posible a supervivencia das culturas minoritarias. Nesta mesma dirección os traballos de A. Rodríguez Morató (2001) sobre o complexo cultural local amplíannos a óptica acerca da emerxencia recente de formas e modos locais de producirse a cultura tamén noutro tipo de ámbitos comunitarios tales como as mesmas colectividades urbanas que evidencian unha crecente capacidade para definir pautas orixinais e específicas axudadas sen dúbida polas propias lóxicas inherentes á sociedade de consumo. En todo caso, o diagnóstico de John Street (1999), no seu estudo das políticas culturais locais en Inglaterra, confirmanos como en moitos aspectos contamos aínda cunha razoable marxe de manobra política que pode actuar eficazmente fronte á fortaleza e frecuente cegueira das forzas do mercado.

6.1 Os espazos culturais locais ante o desafío da sociedade globalizada: acerca do caso galego

Ao achegarnos a este tema no caso específico de Galicia, e tras constatar o cambio cualitativo producido no noso país dende a chegada da democracia e o consecuente desenvolvemento tanto do municipalismo coma da Administración autonómica, resulta pertinente incidir sobre algunhas das carencias e desequilibrios que fan particularmente vulnerable a cultura galega como proxecto identitario nunha sociedade aberta do tipo da actual.

Tal como vimos máis arriba, entre unha gran parte dos analistas da cultura existe un consenso bastante estendido acerca da esixencia de que a defensa daquelas culturas máis ameazadas require medidas de regulación e de discriminación positiva, unha conveniencia que só é cuestionada dende propostas liberais, absorbas pola grandeza do mercado global, que ignoran activamente o sentido e o papel da diversidade cultural e identitaria, tendendo a percibir esta diversidade máis como un problema que como un atributo específico das colectividades sociais.

E esa intervención reorientadora sobre o mercado dos bens da cultura ten que incardinarse nunha reconsideración global sobre a cultura e a identidade nas comunidades ameazadas, que nos permita pensar simultaneamente o problema en clave de industria cultural e á vez en clave de proceso social colectivo. Na actual fase do desenvolvemento económico na que vivimos non podemos ignorar o feito obxectivo das industrias da cultura, pero unha cousa é fabricar mercados culturais e outra cousa diferente é edificar unha cultura relativamente extensa e articulada, que nos sirva de nexo identificador e que estea dotada tamén de capacidade orientadora. É preciso imaxinar novos modos de acumulación dos saberes locais e nacionais en redes rexionais e globalizadas, susceptibles de enlazar os actores intelectuais e artísticos cos movementos sociais e as industrias culturais para idear proxectos integradores e innovadores.

En virtude diso, para as identidades culturais periféricas pasa a ser unha esixencia urxente a de lograr constituírse ao modo de espazos culturais *cohesionados* internamente para favorecer unha maximización dos seus recursos, capaces de relacionarse e *integrarse* en áreas máis amplas e globalizadas, ao mesmo tempo que *sostibles* e viables para garantir a súa estabilidade e permanencia.

A situación actual de Galicia, a pesar do camiño percorrido, sitúanos aínda ante un país con fortes desequilibrios internos a nivel cultural que dificultan a súa afirmación identitaria así como a súa integración en contextos externos de maior amplitude. Moitas das iniciativas desenvolvidas nos últimos anos condúcennos a constatar que o labor creador de infraestruturas culturais e de comunicación nun país coma o noso, endemicamente infradotado deste tipo de recursos, resulta certamente importante, pero o seu incremento será eficiente só no caso de que esas infraestruturas estean dotadas de sentido, estean inspiradas nunha realidade cultural e se atopen orientadas cara a misións e obxectivos identificables que permitan coñecer para que accións futuras foron concibidas.

Ademais das iniciativas creadoras de infraestruturas culturais, tanto a implementación de estratexias de apoio á creación cultural propia como a súa apertura tamén cara ao exterior constituíron un feito certamente importante (Centro Dramático Galego, dobraxe televisiva á lingua galega, fomento da publicación do libro en lingua galega, apoio á música tradicional e o folclore...), o cal en moitos casos serviu de soporte para que o país puidera desenvolver as propias potencialidades e iniciar un despregamento cara ao exterior da nacente industria cultural.

O ámbito da creación musical foi en Galicia o primeiro que asumiu, dun modo crecente e razoablemente con éxito, o desafío da confrontación cos mercados exteriores. Neste aspecto Galicia soubo, dende o recurso á denominada «música de raíz», ir tendo un lugar no contexto do mercado internacional deste tipo de música, ao lado doutras manifestacións musicais folk e étnicas, as cales encontran un espazo crecente no mercado grazas ao acceso dun público consumidor cada vez máis selectivo e máis

aberto a novas tendencias. Os exemplos son, neste campo, múltiples e inclúen dende iniciativas pioneiras como a de Milladoiro ou Emilio Cao, ou máis recentemente Berrogüeto, Luar na Lubre ou Mercedes Peón, ata os gaiteros Carlos Núñez, Xosé Manuel Budiño, Cristina Pato ou Susana Seivane; todos eles configuran un núcleo significativo integrado por todos aqueles que apostaron por abrir novos camiños e ir dando forma a un sector que, xuntamente co do libro ou do audiovisual, empeza xa a representar unha porcentaxe significativa do PIB galego.

No mesmo sentido, o actual auxe da industria audiovisual galega e os seus prometedores comezos non son alleos ás facilidades da aparición dunha política cultural propia a nivel autonómico. Aparición concretable en decisións tomadas nos anos oitenta, e propiciando, por exemplo, a creación dun campo das artes da representación, poñendo en marcha a televisión galega ou apoiando a edición de libros. Todos estes constitúen probablemente fitos imprescindibles para o actual despregamento da literatura galega no mercado español. A súa irrupción, como narracións tratables a nivel visual, e o impulso crecente da produción audiovisual autóctona resultan impensables sen o paso previo que supuxeron no seu momento iniciativas como a creación do Centro Dramático Galego ou o soporte económico que supuxo para moitos actores a viabilización da súa vida profesional grazas a desenvolver unha actividade razoablemente estable na dobraxe dos produtos televisivos así como a existencia mesma de liñas de apoio públicas específicas ás producións teatrais.

Tal como estamos apuntando, un dos sectores máis estratégicos e sensibles fronte ao proceso de globalización das industrias culturais é o do audiovisual. Este sector experimentou transformacións importantes ao longo dos últimos anos. O seu protagonismo foi crecendo ao amparo tanto da Televisión de Galicia como debido á emerxencia de novos promotores e creadores que decidiron apostar por este sector cultural emerxente. Segundo datos recentes proporcionados polo Consorcio do Audiovisual, na actualidade (datos de 2001) o sector audiovisual dá traballo a aproximadamen-

te 2105 persoas, conta no noso país cunha macroempresa, a TVG, de máis de seiscentos traballadores, así como con 233 pequenas empresas, 205 das cales xurdiron durante os sete últimos anos. Por outra parte, o 70% dos produtos audiovisuais galegos utilizan o idioma galego, constatándose o seu auxe no feito de que xa no ano 1998 o volume de negocio do sector logrou igualar ao do libro cun movemento financeiro de trinta millóns de euros, e logrouse no ano 2001 triplicar esta cantidade ao alcanzarse nese ano unha cifra próxima aos noventa e sete millóns. Esta cantidade dóbrase, pola súa vez, se lle sumamos a cifra de negocios do ente público durante este último ano. Un proceso que conta co seu motor máis determinante na TVG, a cal, tras romper no seu momento o monopolio estatal, foi capaz de afrontar un labor de proxección identitaria, pasando a desenvolver así mesmo unha función central na promoción das bases para a consolidación no futuro dun sector audiovisual propio. Por outra banda, os restantes datos achegados polo Consorcio subliñan o dinamismo e a potencialidade dun sector como o do audiovisual, que sintoniza e potencia de modo sinérxico outros ámbitos da nosa cultura creativa, conectando coa produción de carácter literario, ao tempo que amosando unha capacidade especial para defender de xeito xenuíno a nosa inserción cultural e económica en contextos rexionais de maior amplitude e, aínda, para conseguir situar (tanto no ámbito musical coma no audiovisual) unha cultura periférica como a nosa nas plataformas de comunicación dun mundo xa irreversiblemente globalizado.

Non incidiremos aquí nas carencias dun sector como este, que se atopa tamén afectado por limitacións tanto nas súas dimensións, en virtude da dependencia case sistémica da Televisión de Galicia, como por mor da súa aínda escasa capacidade para abrirse camiño nos mercados exteriores. Pero si constataremos que no seu actual pulo destaca a súa contrastada condición de ámbito económico privilexiado para unha comunidade como a galega, que conta, entre os seus atributos e potencialidades máis definidas para afrontar os desafíos do século XXI, co seu denso legado e a súa intensa capacidade cultural e creativa.

En todo caso, este sector precisa dunha atención particular debido á súa dependencia de estratexias de tipo comercial vinculadas ao logro de estruturas de distribución, internas e externas, tanto como en virtude tamén da súa condición engadida de proxectos empresariais que requiren de enfoques rigorosos en congruencia coa súa aspiración a inserirse no mercado. Neste aspecto, pode afirmarse que a especificidade do contido nacional dun produto audiovisual non é en si mesmo un problema para un acceso eficiente ao mercado. Máis ben os problemas prodúcense cando as políticas públicas (Zallo, 2002) non contemplan como parte do seu labor favorecedor da identidade e da diversidade cultural a implementación de estratexias de distribución dirixidas a incorporar a cultura ao modelo de desenvolvemento, outorgándolle a importancia que ten o sector e atendendo aos seus requirimentos formativos ou de cooperación, así como cando renuncian á regulación de medidas de protección que permitan a súa consolidación e viabilización futura.

BIBLIOGRAFÍA

- ABRAHAMSON, M. (2004): *Global cities*. New York-Oxford: Oxford University Press.
- AMIN, S. (1998): *El capitalismo en la era de la globalización*. Barcelona: Paidós.
- APPADURAI, A. (1990): «Disjuncture and difference in the global cultural economy» en M. FEATHERSTONE (ed.), *Global Culture: Nationalism, Globalization and Modernity*. Londres: Sage.
- BAYART, J.-F. (1996): *L'illusion identitaire*. Paris: Fayard.
- BHAGWATI, J. (1999): *Writing on International Economics*. Oxford: Oxford University Press.
- BECK, U., A. GIDDENS e S. LASH (1997): *Modernidad reflexiva*. Madrid: Alianza.
- BONET, LL. (2000): «Diversidad cultural y globalización económica». Seminario de cultura y política cultural. Interacció 2000. CERC, Deputación de Barcelona.
- BOUZADA, X. (1999): «Cultural Policies in Modern Spain: Origins and Orientations». *Loisir et société/Society and Leisure*, vol. 22, n.º 2, Presses de l'Université du Québec.
- BOUZADA, X. (coord.) (2001): *Cultura e desenvolvemento local*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- BOYER, R. (2000): «Les mots et les réalités» en CORDELLIER (dir.), *La mondialisation au delà des mythes*. Paris: La Découverte.
- CASTELLS, M. (1998): *El poder de la identidad*. Madrid: Alianza.
- (2001): *La galaxia internet*. Barcelona: Plaza y Janés.
- CASTORIADIS, C. (1975): *L'institution imaginaire de la société*. Paris: Seuil.
- COLOMBRES, A. (1997): *Las culturas populares*. México: Coyoacán.
- CORDELLIER, S. (dir.) (2000): *La mondialisation au delà des mythes*. Paris: La Découverte.

- CRANE, D. (2000): «As culturas nacionais na era da globalización cultural». *Sociedade e Estado*, XV (1): 33-51, Brasilia.
- DEHESA, G. DE LA (2001): *Comprender la globalización*. Madrid: Alianza.
- DÜRRSCHMIDT, J. (2000): *Everyday lives in the global city: the delinking of locale and milieu*. Londres: Routledge.
- FALK, R. (1995): *On Human Governance: Towards a New Global Politics*. Cambridge: Polity Press.
- FERNÁNDEZ DURÁN, R., M. ETXEZARRETA e M. SÁEZ (2001): *Globalización capitalista. Luchas y resistencias*. Barcelona: Virus.
- GARCÍA CANCLINI, N. (1989): *Culturas híbridas*. México: Grijalbo.
- (1999a): *La globalización imaginada*. Buenos Aires: Paidós.
- (1999b): «Políticas culturales: de las identidades nacionales al espacio latinoamericano» en N. GARCÍA CANCLINI e C. J. MONETA (coords.), *Las industrias culturales en la integración latinoamericana*. México: Grijalbo.
- GARCÍA CANCLINI, N. e C. J. MONETA (1999): *Las industrias culturales en la integración latinoamericana*. México: Grijalbo.
- GIDDENS, A. (2000): *Un mundo desbocado. Los efectos de la globalización en nuestras vidas*. Madrid: Taurus.
- GILROY, P. (1998): «Los estudios culturales británicos y las trampas de la identidad» en J. CURRAN, D. MORLEY e V. WOLKARDINE (comps.), *Estudios culturales y comunicación*. Barcelona: Paidós, pp. 63-83.
- GROSSBERG, L. (1997): «Identity and Cultural Studies» en HALL e DU GAY, P., *Questions of Cultural Identity*. London: Sage, 87-101.
- GROSJEAN, E. (1997): *Forty Years of Cooperation at the Council of Europe 1954-1994*. Strasbourg: Council of Europe.
- HALL, S. e P. DU GAY (1997) (eds.): *Questions of Cultural Identity*. London: Sage.

- HARDT, M. e T. NEGRI (2004): *Multitud. Guerra y democracia en la era del imperio*. Barcelona: Debate.
- HELD, D. (2005): *Un pacto global*. Madrid: Taurus.
- HENNEBELLE, G. (1992): *Tribalisme planétaire. Tour du monde des situations ethniques dans 160 pays*. Paris: Arlea-Corlet.
- HOBBSBAWN, E. e T. RANGER (comps.) (1983): *The Invention of Traditions*. Cambridge: Cambridge University Press.
- HUNTINGTON, S. (1996): *The Clash of Civilisations*. New York: Simon and Schuster.
- JÁUREGUI, G. (2000): *La democracia planetaria*. Oviedo: Nobel.
- JEUDY, H.-P. (1986): *Mémoires du social*. Paris: PUF.
- KENNEDY, J. e R. EBERHARDT (2001): *Swarm Intelligence*. San Francisco: Morgan Kaufmann Pub.
- KURLANSKY, M. (2004): *1968. El año que conmocionó al mundo*. Barcelona: Destino.
- LACLAU, E. (2000): *La guerre des identités. Grammaire de l'émancipation*. Paris: La Découverte.
- LAPLANTINE, F. e A. NOUSSE (1997): *Le métissage*. Paris: Flammarion.
- LE GOFF, J. (2001): Intervención no Foro da Academia Universal das Culturas. 13-14 de novembro de 2001. Paris.
- MATTELART, A. (1998): «Utopies et réalités du lien global». *Loisir et Société*. Trois Rivières-Quebec, 21 (1): 121-145.
- MCCHESENEY, R. W. (2002): «Economía política de los medios y las industrias de la información en un mundo globalizado» en J. VIDAL BENEYTO (dir.), *La ventana global. Ciberespacio, esfera pública mundial y universo mediático*. Madrid: Taurus.
- MEYER, J. W. (2000): «Globalization: Sources and Effects on National States and Societies». *International Sociology*, 15 (2): 233-248.
- MONSIVAIS, C. (1993): «La identidad nacional y la cultura ante el Tratado de Libre Comercio» en VV.AA., *Cultura, medios de comunicación y libre comercio*. México: Amic.

- MORLEY, D. e K. ROBINS (1995): *Spaces of Identity: Global Media, Electronic Landscapes and Cultural Boundaries*. London: Routledge.
- ORTIZ, R. (1997): *Mundialización y cultura*. Buenos Aires: Alianza Ed.
- PÉREZ AGOTE, A. (1999): «Globalización, crisis del Estado y anomia. La teoría social visita Europa» en R. RAMOS e F. GARCÍA SELGAS (eds.), *Globalización, riesgo, reflexividad. Tres temas de teoría social contemporánea*. Madrid: CIS.
- RIFKIN, J. (2000): *La era del acceso*. Barcelona: Paidós.
- RIESMAN, D. (1981): *La muchedumbre solitaria*. Barcelona: Paidós.
- ROACH, C. (1997): «Cultural imperialism and resistance in media theory and literary theory». *Media, Culture and Society*, 19: 47-66.
- ROBERTSON, R. (1992): *Globalization: Social Theory and Global Culture*. London: Sage.
- RODRÍGUEZ MORATÓ (2001): «Una nueva formación cultural: el complejo cultural local» en X. BOUZADA (coord.), *Cultura e desenvolvemento local*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- ROJO SALGADO, A. (2000): «Globalización, integración mundial y federalismo». *Revista de Estudios Políticos*, 109: 29-72.
- SAID, E. W. (2000): *Culture et imperialisme*. Paris: Fayard-Le Monde Diplomatique.
- SARTORI, G. (2001): *La sociedad multiétnica: pluralismo, multiculturalismo y extranjeros*. Madrid: Taurus.
- SEQUEIROS, J. L. (1994): *O muro fendido. Cambio social e comportamento político en Galicia*. Vigo: Xerais.
- SCHILLER, H. I. (1996): *Aviso para navegantes*. Barcelona: Icaria.
- SINCLAIR, J. (2000): *Televisión: comunicación global y regionalización*. Barcelona: Gedisa.

- SMITH, A. (1990): «Towards a global culture» en M. FEATHERSTONE (ed.), *Global Culture*. Londres: Sage.
- STAVENHAGEN, R. (1997): «La cultura popular y la creación intelectual» en A. Colombres, *La cultura popular*. México: Coyoacán, 21-41.
- THOMPSON, J. (1996): *The Media and the Modernity: A Social Theory of the Media*. Cambridge: Polity Press.
- TOMLINSON, J. (1991): *Cultural Imperialism: A Critical Introduction*. Baltimore, MD: The John Hopkins University Press.
- (1997): «Cultural Globalization and Cultural Imperialism» en A. MOHAMMADI (comp.), *International Communication and Globalization*. London: Sage, 170-190.
- URFALINO, PH. (1996): *L'invention de la politique culturelle*. Paris: La Documentation Française.
- URRY, J. e S. LASH (1993): *Economies of signs and space*. Londres: Sage.
- VELTZ, P. (2000): «L'économie mondiale, une économie d'Archipel» en CORDELLIER (dir.), *La mondialisation au delà des mythes*. Paris: La Découverte.
- VIRILIO, P. (1997): *Cibermundo. ¿Una política suicida?* Santiago de Chile: Dolmen.
- WARNIER, J. P. (2000): *A mundialização da cultura*. Lisboa: Noticias.
- WIEVIORKA, M. (2001): *La différence*. Paris: Balland.
- ZALLO, R. (1992): *El mercado de la cultura*. Donostia: Gakoa Liburuak.
- (1997): «Estrategias culturales: el caso vasco». *Voces y culturas*, n.º 11-12.
- (2002): «Políticas culturales territoriales: una experiencia rica, pero insuficiente» en E. BUSTAMANTE (coord.), *Comunicación y cultura en la era digital*. Barcelona: Gedisa.